


**“Preciso vivir no sitio
onde estou
a facer unha película”**

**Conversa con
Óliver Laxe**





Despois de vivir case catorce anos en Marrocos, Óliver Laxe (París, 1982) volve a Galicia para asentarse na aldea dos seus avós e retratar o país desde a súa mirada. É o cineasta galego con maior proxección internacional, aínda que moitos dos seus veciños non saiban nin da súa existencia nin das súas películas. En 2010 gañou o premio FIPRESCI do Festival Internacional de Cannes por *Todos vós sodes capitáns*, e en 2016 o Gran Premio da Semana da Crítica de Cannes por *Mimosas*. “Un milagre”, di Laxe. Rodeado de gatos e nun salón presidido por un piano e unha guitarra eléctrica, tomamos té e conversamos sobre cinema, o país e a “soberana submisión”. Comigo fala en galego, cos animais en francés.

TEXTO: GRIAL PARGA

FOTOGRAFÍAS: XXXXXXXXXXXXXXXX

Ata cando quedas a vivir en Galicia?

Indefinidamente. Tiña ganas. Penso que me sobraron un par de anos en Marrocos. Xa cando rematei *Mimosas* tiña que vir para aquí. Nadia [a súa muller] seguía alí cos nenos, e tiveron moitas idas e voltas, pero sobrou algo. Estou contento de estar aquí. Estamos a carón de Santiago, case na aldea, e temos un xardín para os animais.

E tes pensado mudarte ao Piorrado.

Creei unha asociación hai un ano que se chama Asociación Ser, como o río que pasa por alí e desemboca no Navia. É unha asociación de protección do patrimonio material e inmateria-

rial da aldea e da zona. En principio, imos facer un centro pedagóxico terapéutico na casa dos meus avós. Impartiremos uns seis obradoiros ao ano...

De cine?

Non, non. O proxecto ten tres patas. Un é o de Creación, tanto artística como de artesanado. En principio aí si darei algún obradoiro, pero preferiría traer xente que me gusta, que me inspira e aos que quero escoitar. Artesanado de madeira, de cerámica... Outra pata sería máis ben pedagogía, obradoiros de podado, herbas medicinais dos Ancares, apiterapia... cousas máis relacionadas coa rehabilitación dun souto de castiñeiros centenario que hai alí. Non está


en moi bo estado e querémolo coidar.

Pero iso está moi lonxe da cidade...

Iso está afastadísimo. Cando coñecín aquela aldea, na época en que viviamos en París, tiñamos que cambiar as maletas do coche ás alforxas da burra do meu avó, porque non chegaba a estrada ata a casa. E eu alucinaba, claro. Os meus pais eran porteiros en París, no barrio 16, o máis podente. A miña nai ás veces limpaba nas casas dos ricos e eu alucinaba, claro. Era un mundo de debuxos animados: as alfombras de animais, as armaduras, xadrecos xigantes... había deseñadores de Chanel que vivían na casa. E pasar dese mundo ordenado e luxoso a aquel buraco afastado de todo era un contraste moi grande, pero moi bo. Aquela aldea era terrible. Era como vivir na Idade Media. Tocamos a Idade Media. Agora xa non existe, pero hai vinte anos escoitábase o carro. Iso implica moito: valores, imaxes, olores, sons... e sobre todo a relación do ser humano co seu propio ego. Esa xente tiña o ego esculpido dunha maneira que é imposible que se volva repetir. Estou imantado a ese sitio. Hábitame e invítame a ir cara alí todo o tempo. En realidade, fíxeme cineasta indo co meu avó á fraga para cortar leña, escoitando os seus contos ao redor do lume, escoitando historias da miña familia. Ese choque tan radical entre a realidade que tiñamos nós e estar naquel val... iso fai que empeces a cultivar unha certa mirada e unha sensibilidade.

Tanto que vas rodar a túa próxima película alí.

Imos filmar nunha das catro casas que quedan, que é unha casa decrepita. Ten algo moi fermoso. O proxecto do que falei antes é algo paralelo a todo isto. A miña intención é coidar os



castiñeiros, podalos e que volvan ter vida de novo, e rehabilitar a aldea, que haxa xente que vaia vivir alí. É unha zona moi degradada demograficamente e a xente está moi queimada. Non sei se é viable. Eu intentei convencer a Nadia, pero a casa aínda non está arranxada, non hai xente, ela acaba de chegar, ten que aprender a lingua...

Falemos da película. Transcendeu nos medios que vai sobre os incendios forestais, pero imaxino que será para falar doutras cousas.

En realidade vai sobre o rural e do que traballo sempre nas miñas películas: os choques entre modernidade e tradición. Vou retratar un solteiro de montaña que vive coa súa nai e catro vacas, e o que máis me apetece é iso: plasmar certos xestos, certos silencios, certos acentos... casas, prados, árbores. A sensibilidade deste solteiro de montaña é a dunha persoa que ten un mundo interior bastante grande, pero que non o dá sacado fóra, como que a modernidade o atafeга. Todo vai a unha velocidade que el non é capaz de corresponder. Os incendios están aí de fondo. É o motor narrativo e o espello en que se miran todos os personaxes da película. A intención é facer unha pequena fotografía dese mundo que está a morrer, e os lumes o seu xemido.

Fixeches as primeiras películas en Marrocos, e agora que vés para aquí, filmas a túa aldea. Parece que tes esa necesidade de representar o que coñeces e o que vives máis de preto.

Preciso vivir no sitio onde estou a facer unha película. É o que me estimula e me mantén conectado. É algo bo e malo da miña personalidade, que teño que estar sempre nun proxecto de película e, ao mesmo tempo, de vida. Gustaríame falar dese matiz que está na cultura galega,



que é a “soberana submisión”, que é unha mestura de humildade, afectación e desapego. Penso que a miña familia a tiña, e é algo que tamén intentei traballar en *Mimosas*. A “soberana submisión” son dous termos que parecen antagónicos e con mala fama. A submisión desde a modernidade está moi mal vista, cando en realidade é aceptar o que che dá a vida. A ver se logro que haxa ese grao de humildade na película.

Hai uns meses escribiches unha carta de queixa para *El País* onde falabas de que TVE non che collía o teléfono cando andabas buscando financiamento para esta película. Penso que era unha queixa, pero moi elegante, onde insistías en que as películas ían facerse igual, con máis ou menos cartos, pero que saírían.

Pois eu estou incómodo con aquel artigo. Fíxeno porque o consideramos estratéxico desde un punto de vista de produción. Insistíronme en que quedara rexistrado que pasou todo iso, pero eu en realidade tomei bastante ben aquela negativa. Foi positiva, no fondo. Todos os obstáculos son bos. Todo o que tes no camiño é positivo. Remamos contracorrente todo o tempo. Creo que a felicidade

está en interpretar iso así. Fíxate, se tivésemos o apoio de TVE naquel momento, filmariamos o verán pasado e non estabamos preparados. Este ano que tivemos extra foi moi positivo, porque atopamos coprodución en Francia e Luxemburgo. E moi boa, por certo. Nesa película hai máis cartos de fóra de España que de dentro. Tamén é verdade que TVE deu marcha atrás e propuxéronnos volver presentar o proxecto, o que non ten precedentes.

Algúns levamos anos manifestando a nosa desconformidade coa política da TVG en relación á pouca pluralidade de miradas no audiovisual galego. Parece que asumimos que a televisión e a radio pública sexan instrumentos de normalización do idioma pero non de normalización do panorama cultural, dos cineastas que temos, das películas que facemos...

A situación non é a ideal, pero si que estamos tendo apoio da TVG. Moi pequeno e vexatorio con películas de dubidoso calado cultural e comercial, pero non podemos cambiar todo en dous días. No caso do audiovisual temos que ser positivos. Se lembramos como estabamos hai dez anos... Era terrible. As nosas películas nin ían a festi-

vais do raras que eran. Eu recibía cartas de rexeitamento do Festival de Ourense, no Curto-circuíto... dicindo que non tiñan sección de cine experimental. Pero houbo un cambio de vento e de correntes. Temos bos cineastas, e iso fai que haxa bos festivais de cinema. Os festivais melloraron, e isto fai que se faga tamén un moi bo público. As institucións seguiron a nosa estela. Non somos hexemónicos pero si respectados institucionalmente. E imos seguir crescendo. Eu polo menos estou preparado para seguir crescendo e intentar que haxa unha pluralidade de miradas e de voces. E que haxa unha tendencia cara á excelencia.

Paréceme que es moi positivo, pero para que todo iso ocorrese, tivestes que remar moitísimo e gañar nos festivais máis importantes do mundo.

Tivemos que facer milagres! Ben... houbo anos de precariedade, pero non o sofres. A min gústame tanto o meu traballo... Síntome tan afortunado...

A ver se as cousas non van cara atrás, que todo pode pasar.

Depende de nós. As cancións do noso ego fannos acusar os demais: que non nos queren o suficiente, que merecemos máis... E no traballo colectivo é igual. Se seguimos a traballar os realizadores, se seguimos sendo responsables e seguimos teimudos e determinados nas nosas intuicións, estou convencido de que non iremos cara atrás. Eu teño a miña espada de cruzado en alto e non a penso baixar. A non ser que un día deixe de facer películas, que é moi probable. Hai moitas maneiras de servir e cada un ten que estudar cal é a súa maneira. A miña, ao mellor, é coidar daquel val dos

Ancares. Será o meu rezo. Un rezo diferente a facer películas, pero de enerxía positiva, con pegada, aínda que sexa con micropolítica.

Non sei se viches *Santoalla* (Andrew Becker, Daniel Mehrer, 2016), o documental sobre unha aldea de Petín á que chega unha parella de neerlandeses e acaba habendo un asasinato dun deles. Lembreino

A ideoloxía dos Goya, e de todos estes premios, é Old School e de que todo xire ao redor dos actores. É unha estratexia de mercado para que certas películas volvan estrearse comercialmente e alongar a súa vida

porque a película, realmente, vai das dificultades dos neerlandeses de tratar de rehabilitar unha aldea miserable no corazón de Galicia, e o obstáculo máis grande que atopan é a reticencia dos veciños a que fagan a aldea sustentable.

Si, claro, somos *urbanitas*. Pero a min a xente coñécame na aldea. E se non me coñecen a min, a miña cara sóalles do meu avó, da miña nai... "Ah, ti es da familia de nonseique". A dialéctica urbano-rural, ou norte-sur, xa desapareceu bastante. Ti vas agora ao rural e hai estrés.

Estamos en época de premios. Foron os Goya, van ser os Oscar. Máis adiante os Mestre Mateo. Ti sempre estiveches fóra deste tipo de premios e non sei como ves este outro monocultivo.

A maior porcentaxe dos académicos son actores, e son un gremio que se retroalimenta moito. A ideoloxía dos Goya, e de todos estes premios, é Old School e de que todo xire ao redor dos actores. É unha estratexia de mercado para que certas películas volvan estrearse comercialmente e alongar a súa vida. As miñas quedan fóra porque teñen outro tempo e outra vida diferente. Non quere dicir que no futuro, ao mellor, se me nominan, vaia, pero en principio non lle presto moita atención.

Pero as túas películas tampouco son tan inaccesibles como se di.

Non. Non me parece. *Mimosas* tivo unha boa acollida de espectadores por copia. Nese sentido foi unha das mellores do ano.

Por iso digo que non me parece disparatado que aparezas por aí, que xogues nesa liga.

Si, pero eu ata que non teña actores nas miñas películas non vou estar aí. Unha película sen actores non é valorada. Penso que é unha mirada vella e reducida, pero xa cambiará. E é verdade que eu estou madurando. Hoxe en día pódese coller o camiño da vangarda por inseguridade. Non creo que sexa o meu caso, pero si pode ser unha forma de confort. A frialdade da vangarda é unha maneira de esquivar erros. Eu teño unha sensibilidade moi bruta. As miñas películas fixéronse dun xeito estomacal, intuitivo e rudo, pero noto que, coa miña experiencia, madurez e oficio,

pouco a pouco poderei chegar a empregar ferramentas máis populares de xénero sen mentirme a min mesmo.

Xa hai unha evolución de *Todos vós sodes capitáns* e *Mimosas*. Pasas de preguntarte pola mirada do autor, a manifestar que a visión do autor morre en canto se estrea a película.

Non é que morra, porque cada un ten a súa interpretación da película. Eu teño a miña interpretación de *Mimosas*, pero o carácter polisémico e transcendental das imaxes fai que o seu significado supere o propio autor. Intento non subliñar moito as miñas intencións e a miña interpretación, porque o espectador pode crer que esa é a maneira de ver a película. Iso é rebaixar o cinema á miña altura.

E *Capitáns* era moi conceptual.

Claro. É tan molesta a imaxe dun europeo con nenos marroquís da rúa. Aí hai unha violencia que unicamente se pode salvar cun edificio conceptual moi sólido. Eu estaba obrigado a que esa película tivese músculo conceptual para que non fose... lixo humano! De aí a deriva metalingüística. Era a única maneira de saír dese envite con elegancia e non facerme moito dano. Facela complexa, pero con lixeireza.

Por outro lado, *Mimosas* esíxelle moito ao espectador para entender os subtextos, aínda que ten derivas de xénero.

Ben, ao final non é tanto comprender os subtextos das películas como esa xeometría das imaxes que lle afectan ao espectador a pesar del, a pesar da súa cabeza, do que pense. Moitas veces o que ocorre nunha sala de cine non se pode racionalizar.

Como cres que o espectador galego vai recibir a túa próxima película?

Son optimista. Eu estiven facendo películas noutro continente, e é moi difícil conectar, aínda que os nenos son nenos e teñen a súa picaresca, e o relato iniciático de *Mimosas* está moi interiorizado en calquera latitude cultural, pero sei que vai haber algúns xestos nesta que me van dicir: “É que a miña avoa era así”. Pode ser máis un desexo. Que esas texturas e eses silencios, independentemente da historia, nutran o espectador e lle parezan que son suficientes,

independentemente da historia, que é lineal.

Houbo unha crítica cara á vosa xeración de que, cando volvestes a Galicia a facer películas sobre o noso país, había unha mirada de turista. Tes medo a iso?

Non me preocupa. Facer unha película implica unha dialéctica entre un e o demais. Hai unha cuestión de estranxeiría. Entendo que haxa xente que pensase que algúns destes traballos, do chamado Novo Cinema Galego, tiñan algo de “Galicia for export”. Tේño escoitado. Pero



a min gústanme esas películas, e se fose o caso tampouco me parecería mal. O artista é un estranxeiro. E eu aquí tamén o son. Esta posición de estranxeiría é a que me permite ver e traducir. En calquera caso, en todos os momentos da cultura galega sucedeu iso. A maior parte da xeración Nós marchou de Galicia. No caso do audiovisual, esas cousas van cambiar. Somos a última xeración que tivo que marchar porque non había estudos de cinema, nin audiovisuais. Eu teño moi estudada a miña sensibilidade e, para ben ou para mal, é moi bruta. Teño algo guerreiro que me parece que vén dos Ancares.

As túas películas cada vez son e van ser máis grandes. Que cres que queda da túa idea inicial cando xa está rematada?

As películas teñen que facerse a si mesmas, e non hai outra maneira. Ás veces, hai que loitar contra un mesmo. Pola maneira que temos os cineastas de traballar, temos que lidar coa angustia e co ruído, e estas son as inimigas da creación e da inspiración. Teño tendencia a estar neses estados de medo. “A miña película non vai ser boa, non está saíndo como eu quero...” Nesas cousas teño que madurar, pero no meu traballo hai un nivel de caos e de intuición suficiente como para que haxa algo que me supere, e que aparece na película.

Entón, que queda das túas intencións?

Penso que o xesto e a actitude. Son raras, son valentes. Son anacrónicas e desterritorializadas.

E reflicten a túa personalidade?

Si. *Mimosas* non sei, porque é un traballo de equipo e o director de foto e apolíneo e eu dio-

nisíaco. Aí houbo unha compensación. Eu canso rápido. Perdo a paciencia. Hai xente que me dixo que non me recoñecía en *Mimosas*. Pero é inevitable ir perdendo públicos e gañando outros. Téño asumido. O meu camiño é ir cara á simplicidade.

Veste como cineasta dentro de vinte ou trinta anos?

Si, claro. Fun tan teimudo e “cabezón” coas miñas películas... Falamos antes dos Goya. A min réstame, á hora de conseguir financiamento, non estar nos Goya. Pero sei que isto tamén é unha carreira a longo prazo. Noto que cada vez é máis sinxelo para min facer películas, e se sigo facéndoas dentro de vinte anos é porque o meu desenvolvemento persoal non vai ser todo o positivo que debería. Se medro como persoa haberá un momento en que deixe de facer cinema. O día que adquirira un control de min mesmo e do meu ego, xa non precisarei facer películas. Hai unha historia de David Lynch que di que foi a un psiquiatra e que lle dixo: “Se eu sigo vindo aquí, coida que terei un problema coa miña creatividade?” O psiquiatra contestoulle: “Probablemente”. E Lynch non volveu.

Como ves o país? Adáptaste ben?

Non me adapto, non me fai falta. Eu vivo na miña provincia persoal. Cando fun a Inglaterra ou a Barcelona si que sufrín bastante desarraigamento, pero a miña viaxe a Marrocos foi un proceso de saír da infancia. Agora estou nun momento en que estaría ben en calquera sitio... se nese sitio hai unha película. Galicia para min é un poema. A miña muller, que é francesa, está atónita coa dozura

e a humildade da xente. Hai moita harmonía. Ela defíneo moi ben: “Aquí non hai nada extraordinario”. Todos os sitios que son extraordinarios teñen a súa versión en negativo. En Galicia non destacamos en nada, pero en todo estamos ben. A xente, a paisaxe, a relación coa natureza, o noso carácter... Non somos extraordinarios, pero tampouco temos defectos rechamantes. Que somos ambiguos? Pois iso é o mellor. Que somos submisos? Pero se ser submisos é o mellor que hai.

No tempo que levas vivindo aquí, tes relación con xente que fai outras cousas?

Case toda a relación é con xente do gremio, acabo de chegar e vou coñecendo xente. Na miña película vai actuar un carpinteiro e escultor, que é Ignacio Abrao, de Becerreá... Fíxate como é a miña vida agora. Imos facer unha secuencia na capela onde están enterrados os meus avós, en Cervantes. E teño que facer un *casting* en que precisamos corenta ou cincuenta figurantes. Os voluntarios, que xa coñecen a película, virán un día determinado a unha sala onde lles farei preguntas. Xente, ademais, que quero que sexan os meus veciños dentro de poucos anos. Voulles preguntar quen son e por que queren estar nesta película. Agora estou nesa fase que me absorbe case todo o tempo. Comezamos a filmar o 15 de marzo e despois, no verán, filmamos tres semanas, entre Navia de Suarna e Ourense.

E ao mesmo tempo estades con outra película.

Teño o guión feito pero aínda non comezamos a financeiro. Teño claro quen van ser os produtores, pero está cociñándose a



Fotograma da película *Todos vós sodes capitáns*

lume lento. Fíxate, esta película si que vai ser moito máis popular, moito máis de xénero, vou traballar con actores, e estou tratando de entender cal é o ADN da película, se é francesa, española ou unha fusión. A película fala de Europa, en realidade, da Ilustración, destes tempos, de cinismo pero tamén de desacralización. É sobre un grupo que anda pola trintena, que son punks ou *tranceiros*, non sei como dicilo, que viven nas festas *trance* todo o ano. E reciben unha mensaxe de texto dunha festa en Marrocos. En realidade é unha película moi similar a *Mimosas*. É unha aventura. Eles van cara ao sur e, mentres, vense os efectos dunha guerra que está pasando en Europa. Ademais de ser unha épica exterior, é tamén unha épica interior, unha viaxe iniciática. Esta película vaime marcar se quero seguir subindo ou non, porque para despois estou pensando en traballar nunha serie de televisión. Apetéceme moito facer algo seriado. Hai un cam-

bio de paradigma aí. Agora os directores de cinema somos demandados para facer series de televisión e isto pode facilitarme a busca de financiamento, e traballar no futuro dun xeito máis libre.

Entón estás aberto a entrar na industria.

Xa tiven a proposta dunha película nos Estados Unidos, cun orzamento de dez millóns de dólares. Era un salto moi grande, pero parecíase demasiado a *Mimosas* e non me apetecía facela.

E foron eles a ti?

Si, viron *Mimosas* en Cannes e pareceulles que eu era o cineasta que buscaban. Era sobre un soldado americano que chega a Afganistán o primeiro día de guerra e captura por azar o xefe dos talibáns. Ten que levalo a cabalo atravesando as montañas ata un cárcere que hai en Paquistán. No camiño fanse amigos, falan de relixión, falan de identidades... Cando remate

Aquilo que arde e *After*, xa verei. E en paralelo a ver como vai o proxecto en Vilela, nos Ancares. Supoño que isto de facer películas en Galicia vai ter continuidade. Sempre que faga películas en España farei contos de aquí, cousas relacionadas coa miña memoria ■